

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

En sesión que tivo lugar o 17.12.2024, este Tribunal, vista e contestada a alegación presentada en relación as cualificacións provisionais do primeiro exercicio (test),

ACORDOU:

Primeiro. Aprobar como Anexo I, a listaxe de persoas aspirante que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións definitivas obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.

As persoas aspirantes que non figuren nesta listaxe por non presentarse á realización deste exercicio, quedan excluídas automaticamente do proceso.

Segundo. Convocar para o 10.01.2025 a segunda proba da fase de oposición (resolución dun caso práctico), en chamamento único que comezará ás 10:00 h na sede da Agasp. O tempo máximo para a realización desta proba é dunha hora. A seguir, as persoas aspirantes lerán o caso práctico ante o tribunal, na sede da Agasp.

Terceiro. Publicar xunto con esta resolucións os seguintes anexos:



Anexo I Listaxe de persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións definitivas obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.

Anexo II Listaxe de persoas convocadas a segunda proba do proceso (resolución dun caso práctico).

Anexo III Criterios de corrección na resolución do caso práctico.

Cuarto. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da Agasp esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Segundo o punto 5.9 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 18 de decembro de 2024

A presidenta do Tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

